

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 28.09.2023 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de setembro de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 56269 (11/POC-010394)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a fase na que está a elaboración da Estratexia de Acción Voluntaria 2027
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 541, do 09.08.2023
- 1.2 56658 (11/POC-010477)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre o balance do Goberno galego verbo da Estratexia para a eliminación da hepatitis C en Galicia desde a súa posta en marcha
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 545, do 17.08.2023
- 1.3 57283 (11/POC-010653)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a situación da atención primaria na Mariña lucense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 549, do 23.08.2023
- 1.4 58174 (11/POC-010786)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do estado das infraestruturas sanitarias galegas e as súas previsións no que atinxe a impulsar medidas de mellora
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 553, do 31.08.2023
- 1.5 58280 (11/POC-010815)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre os criterios do Sergas para abordar e garantir o dereito ao aborto, as estatísticas sobre centros e intervencións practicadas na rede pública e

a regulación da obxección de conciencia

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 553, do 31.08.2023

1.6

59025 (11/POC-010867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás
persoas en situación de dependencia e as medidas e os recursos previstos
pola Xunta coa finalidade de conseguir os obxectivos marcados na
lexislación estatal

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 562, do 14.09.2023

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2023

María Corina Porro Martínez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez

P

Vicepresidenta

Noelia Pérez López

P

Secretaria

Iria Carreira Pazos

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Raquel Arias Rodríguez

P

Rosalía López Sánchez

P

Marina Ortega Otero

S

José Alberto Pazos Couñago

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Olalla Rodil Fernández

BNG

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

Julio Torrado Quintela

S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 56269(11/POC-010394)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a fase na que está a elaboración da Estratexia de
Acción Voluntaria 2027

Publicación da iniciativa, 541, 09.08.2023

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ó 5 de decembro do 2022, con motivo do Día Internacional do Voluntariado, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, destacou a forza e o compromiso solidario das máis de 1.000 entidades deste ámbito rexistradas en Galicia e das 52.000 persoas voluntarias que destinan parte do seu día a axudar aos demais.

Pola súa parte, a Conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, presidiu o 28 de xaneiro do 2022 a reunión do Observatorio de Acción Voluntaria na que se acordou iniciar a elaboración da Estratexia de Acción Voluntaria 2027, que ten como finalidade recoller e amplificar o impulso solidario dos galegos. A traxectoria do voluntariado galego é claramente ascendente, pois nos últimos anos multiplicouse por 30 o número de experiencias de voluntariado certificadas pola Xunta de Galicia.

A base das novas liñas estratéxicas será o estudo que realizou a Xunta sobre o perfil do voluntariado en Galicia. Este documento permite realizar un retrato fiel e das entidades que dan vida a esta actividade, das súas preocupacións e as súas prioridades.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

En que fase está a elaboración da Estratexia de Acción Voluntaria 2027?

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 21/07/2023 10:29:02

Noelia Pérez López na data 21/07/2023 10:29:18

José Alberto Pazos Couñago na data 21/07/2023 10:29:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2023 10:02:48
Nº Rexistro: 56269
Data envío: 24/07/2023 10:02:48.576

María Corina Porro Martínez na data 21/07/2023 10:29:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/07/2023 10:30:04

López Sánchez, Rosalía na data 21/07/2023 10:30:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/07/2023 10:30:33



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 56658(11/POC-010477)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego verbo da Estratexia para a eliminación da hepatitis C en Galicia desde a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, 545, 17.08.2023

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A hepatitis C é unha enfermidade hepática causada por un virus RNA. Este virus pode causar unha infección que nunha alta porcentaxe é asintomática (60-75% dos casos) pero pode producir tamén unha hepatitis fulminante, que é un cadro potencialmente mortal.

Aproximadamente un 15-25% das persoas infectadas eliminan o virus espontaneamente nun prazo de seis meses, sen necesidade de tratamento algún.

Pero nunha alta porcentaxe de casos a infección aguda evoluciona á cronicidade con graves consecuencias para a saúde da persoa que a padece. Entre o 75% e o 85% das persoas que padecen a infección inicial contraen unha enfermidade crónica, e entre o 60% e o 70% das que padecen a infección crónica sofren unha hepatopatía crónica; entre un 5% e un 20% contraen cirrose e entre un 1% e un 5% falecen por cirrose ou cancro de fígado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cal é o balance da Estratexia galega de eliminación da Hepatite C dende a súa posta en marcha ata o de hoxe?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:55:20

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:57:08

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:57:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:58:00

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:58:19

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:58:46

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:58:50



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 57283(11/POC-010653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a situación da atención primaria na Mariña lucense

Publicación da iniciativa, 549, 23.08.2023



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 57283
Data envío: 07/08/2023 14:58:51.503

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

Situación da Atención Primaria na Mariña:

- Listas de agarda ata de 15 días para conseguir unha cita co médico de cabeceira.
- Non substitución do persoal dos centros de saúde que desfrutan de permisos ou ausencias xustificadas, chegando a situacións de máis da metade dos médicos de familia ausentes, ou que de 10 médicos haxa días cun só profesional como aconteceu no Centro de Saúde Viveiro a comezos do ano 2022 ou centros de saúde sen ningún médico.
- Dous anos sen persoal sanitario para desprazados e desprazadas durante os meses nas que os concellos contan con maior poboación, sobrecargando ao persoal xa de por si exhausto.
- O persoal médico leva moito tempo atendendo a un número de persoas moi superior ás recomendadas, aumentando o risco de cometer erros e imposibilitando unha atención de calidade.
- Falta de pediatras nos centros de saúde, non se substitúen aos titulares cando faltan, derivándose a atención pediátrica ao servizo de urxencias do





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 57283
Data envío: 07/08/2023 14:58:51.503

hospital da Mariña ou obrigando ás familias a acudir a consultas privadas, se é o caso de que poidan pagalo.

Nós entendemos que a privatización de servizos sanitarios non é unha opción. Pedimos unha sanidade pública e gratuíta, equitativa, universal, de calidade e de proximidade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedera a Xunta de Galicia da precaria situación na que se atopa a atención primaria na comarca da Mariña lucense?

2ª) Non pensa a Xunta de Galicia que nesta situación é preciso articular un plan específico para a atención primaria na Mariña lucense que conte cos medios materiais e humanos que garantan unha sanidade pública, gratuíta, equitativa, universal, de calidade e de proximidade?

Parlamento de Galicia, 7 de agosto de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/08/2023 13:49:38

CSV REXISTRO-RvWspcw49
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 57283
Data envío: 07/08/2023 14:58:51.503

Julio Torrado Quintela na data 07/08/2023 13:49:54

Marina Ortega Otero na data 07/08/2023 13:50:04



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 58174(11/POC-010786)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do estado das infraestruturas sanitarias galegas e as súas previsións no que atinxe a impulsar medidas de mellora

Publicación da iniciativa, 553, 31.08.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 13:28:26
Nº Rexistro: 58174
Data envío: 24/08/2023 13:28:26.586

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación das infraestruturas sanitarias na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A situación dunha boa parte das infraestruturas sanitarias do noso País é claramente subóptima. Son múltiples os centros de saúde con claras eivas na súa infraestrutura, con barreiras arquitectónicas ou con deficiencias claras nos espazos (mal acondicionamento, humidades, problemas de iluminación e/ou humidades, etc.). Tamén os centros hospitalarios presentan deficiencias claras, con consecuencias para persoal e pacientes, por exemplo, con cuartos nos que se amorean as persoas ingresadas nun espazo notoriamente reducido que non permite a correcta deambulación por falta de espazo entre as camas, ou aseos non adaptados para persoas fráxiles, de mobilidade reducida ou que poidan precisar asistencia. Situación que se agrava no caso de unidades especiais, que requiran de maiores medidas, coma o caso de hospitalización aguda de psiquiatría, na que cómpren medios para garantir a seguridade das propias pacientes e traballadoras.

É tal punto de degradación que incluso se están a producir graves incidencias, como sucedeu este verán na área de Santiago de Compostela após o derrube do teito de varios cuartos nos hospitais de Conxo e Gil Casares. Incidencias con poucas consecuencias a nivel persoal, pero que deixan ver un estado de mala conservación dos centros sanitarios galegos. Feito que non se circunscribe a esta área sanitaria, senón que





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 13:28:26
Nº Rexistro: 58174
Data envío: 24/08/2023 13:28:26.586

afecta a múltiples centros por todo o País, tanto hospitalarios como de Atención Primaria.

Isto súmase ás graves carencias que presenta a sanidade pública a nivel de persoal, cunha importante falta de planificación e previsión que está a ter consecuencias notorias sobre a calidade asistencial que recibe a poboación, mais tamén sobre as condicións laborais do persoal. As políticas que se están a aplicar por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza durante os últimos 14 anos rematan por provocar que o sistema sanitario galego se atope a día de hoxe nunha situación calamitosa.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– É consciente o goberno galego da situación na que están os centros sanitarios do noso País? Cal é o motivo polo que persisten aínda barreiras arquitectónicas ou aseos non adaptados para pacientes con mobilidade reducida?

– Que consideración lle merece ao executivo o derrube de varios teitos en diferentes centros do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela? Considera que é axeitada a conservación destes centros?

– Por que se manteñen centros con graves problemas de infraestrutura, con humidades, mala iluminación, mala ventilación, etc.?

– Cales son as medidas que ten contempladas para garantir o correcto estado das infraestruturas sanitarias do noso País?

– Existe previsión de elaborar algún plan para a mellora das mesmas?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2023





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 13:28:26
Nº Rexistro: 58174
Data envío: 24/08/2023 13:28:26.586

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/08/2023 13:24:06

María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2023 13:24:09

Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2023 13:24:18

CSV REXISTRO-Va7Fyue-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 58280(11/POC-010815)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os criterios do Sergas para abordar e garantir o dereito ao aborto, as estatísticas sobre centros e intervencións practicadas na rede pública e a regulación da obxección de conciencia

Publicación iniciativa vía urxencia, 553, 31.08.2023



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 10:59:29
Nº Rexistro: 58280
Data envío: 28/08/2023 10:59:29.818

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á paralización da licitación para a privatización da interrupción voluntaria do embarazo en Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta se posicione canto antes en sede parlamentar sobre a licitación para a privatización da interrupción voluntaria do embarazo en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O martes 22 de agosto a Plataforma de Contratos Públicos de Galiza publicaba o procedemento para a contratación polo SERGAS da prestación do servizo de interrupción voluntaria do embarazo na C.A de Galicia, mediante procedemento aberto.

Segundo se establece no prego, no punto 2.1.1. O obxecto desta contratación é a prestación do servizo de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), de menos de 14 semanas de xestación que non sexa de alto risco a pacientes beneficiarias do Servizo Galego de Saúde na Comunidade Autónoma de Galicia. Do mesmo xeito establécese no

CSM-REXISTRO-00W0ESVDS-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 10:59:29
Nº Rexistro: 58280
Data envío: 28/08/2023 10:59:29.818

punto 2.2.1. que o contrato terá unha duración de 36 meses, e poderá ser obxecto de prórroga por un prazo de dous anos.

No apartado 3.1. establece que o valor estimado do contrato derivado deste expediente, a efectos do establecido no artigo 101 da LCSP é de 2.564.632,00 €. Para o cálculo do valor estimado do contrato tense en conta o orzamento base de licitación para un período de 3 anos (1.373.910,00 €) as eventuais prórrogas ata un máximo de 2 anos e as posibles modificacións ata o 20 % do prezo do contrato.

No prego de licitación xustifícase na “necesidade de promover esta nova licitación ven xustificada pola existencia de garantir esta prestación de asistencia sanitaria de xeito eficiente e nos prazos establecidos pola normativa vixente, ante a imposibilidade de que os servizos sanitarios públicos do Servizo Galego de Saúde poidan prestar dita asistencia cos recursos humanos, materiais e de infraestrutura cos que conta na actualidade. O obxectivo non é outro que conseguir que os cidadáns continúen a recibir unha asistencia sanitaria de óptima calidade e eficacia, obrigada pola Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde e do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde”

Esta licitación supón un paso máis na carreira irresponsábel na que leva o PP os últimos catorce anos para descapitalizar a sanidade pública en beneficio da sanidade privada.

É inaceptábel que a Xunta xustifique esta privatización pola imposibilidade de que os servizos sanitarios públicos do Sergas poidan prestar dita asistencia cos recursos humanos, materiais e infraestrutura que ten na actualidade e que se trata de intervencións pouco complexas; tamén sorprende que se faga referencia as dificultades



CSV REXISTRO-00W0ESD0s-7

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 28/08/2023 10:59:29

Nº Rexistro: 58280

Data envío: 28/08/2023 10:59:29.818

para ter profesionais que realicen estas intervencións, pola aplicación da obxección de conciencia, cando non ten actuado para regular a mesma, nen sequera ten creado un Rexistro de Obxectores/as en Galiza.

Esta privatización mostra máis unha vez a falta de planificación do conxunto das persoas que teñen responsabilidades de dirección no Sergas, a empezar polo conselleiro. A sanidade pública debe garantir a dispoñibilidade de recursos para poder realizar todas as intervencións e polo tanto demandamos que na vez de drenar recursos para a sanidade privada, estes se destinen a dotar dos recursos e profesionais precis@s á sanidade pública para que as IVE se realicen en prazo e con calidade.

A IVE é unha prestación recollida na carteira de servizos comúns e polo tanto as mulleres que o precisen e demanden teñen dereito a que se efective na sanidade pública e no centro máis próximo ao seu domicilio.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Cal é a xustificación para privatizar unha prestación recollida na carteira de servizos comúns como é a IVE ?

Non considera que está vulnerando o dereito das galegas ao non garantirlle que se lle practique unha IVE na sanidade pública e no centro máis próximo ao seu domicilio?

Vai tomar medidas para garantir que o dereito á interrupción voluntaria do Embarazo, recollido na carteira de servizos comúns do Sistema de Saúde, se realice en





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 10:59:29
Nº Rexistro: 58280
Data envío: 28/08/2023 10:59:29.818

todos os centros sanitarios públicos para o conxunto das mulleres que o demanden en Galiza?

Por que non ten actuado para proceder á regulación da obxección de conciencia?

Cal é a razón para que non teña creado un Rexistro de Obxectores/as?

Cal é o número de IVE realizados en Galiza nos últimos cinco anos?

Cantos se realizaron en centros do Sergas e cantos en centros privados?

Cal é o número de profesionais que teñen practicado IVE nos últimos cinco anos e en que centros, e cantos nos centros privados e en que centros?

Vai esixir as modificacións lexislativas precisas para que sexa unha obriga para o conxunto d@s profesionais do Sergas realizar todas as prestacións contempladas na carteira de servizos comúns do Sistema de Saúde, como é o IVE?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG



CSV REXISTRO-00W0ESD0s-7

https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2023 10:59:29
Nº Rexistro: 58280
Data envío: 28/08/2023 10:59:29.818

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2023 10:49:18

Iria Carreira Pazos na data 28/08/2023 10:49:27

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2023 10:49:38



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.09.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 59025(11/POC-010867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e as medidas e os recursos previstos pola Xunta coa finalidade de conseguir os obxectivos marcados na lexislación estatal

Publicación da iniciativa, 562, 14.09.2023



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 12:54:04
Nº Rexistro: 59025
Data envío: 05/09/2023 12:54:04.309

Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país. Dita norma marca seis meses como máximo para a propia resolución de grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda que dobran o que a lei permite, a pesar de que a Consellería de Política Social leva practicamente tres anos anunciando un plan de choque para reducir os tempos e melloralo sistema, comezando por un proxecto piloto na provincia de Ourense que consistiu basicamente en mover o persoal de valoración de dependencia da cidade ás comarcas, pero que loxicamente sen un incremento significativo de persoal, os expedientes na maioría seguiron estancados.

Galicia é coñecida nos últimos anos por ser das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España. Así o dilucidou o XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais que pon de manifesto que Galicia é unha das comunidades autónomas que peor posición ocupa de toda España na escala de valoración de dito Observatorio Estatal para a Dependencia. Dende o Grupo Parlamentario Socialista propuxemos como parte da solución, en numerosas ocasións, a necesidade dun incremento significativo de persoal nos equipos de valoración de dependencia EVD.

CSM-REXISTRO-TUB625OR-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 12:54:04
Nº Rexistro: 59025
Data envío: 05/09/2023 12:54:04.309

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal foi a inversión para lograr reducir as listas de espera, o número de técnicos dos equipos de valoración que se incrementaron e o tipo de contrato.

Hai que ter en conta que Galicia é beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

Por outra banda, é fundamental elaborar un estudo que permita coñecer os motivos ou variables que motivan que Galicia sexa a Comunidade Autónoma na que menos solicitudes se inician por habitantes potencialmente dependentes. En concreto tan só o 16,13 %, 78.315 solicitudes de 485.558 galegos e galegas potencialmente dependentes. A media nacional de solicitudes é de 29,98 %, moi superior á galega, que queda en último lugar en comparativa co resto de comunidades autónomas. Polo que é preciso coñecer as causas para elaborar propostas adaptadas que dean solución a un problema que afecta directamente ao benestar dunha parte da cidadanía que renuncia aos seus dereitos. Unha das solucións pasa por reforzar os recursos humanos dos equipos de servizos sociais comunitarios.

En paralelo ás necesidades xa citadas que ten o sistema galego dependencia, cabe engadir a necesidade do incremento das libranzas e das horas asignadas a cada caso para o SAF, xa que o Goberno de España aprobou o Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 392006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, onde se incrementan as libranzas vinculadas e horas do SAF mensuais para cada grao, establecendo que as administracións públicas competentes poderán establecer intensidades superiores para cada grao.

CSV REXISTRO-TJB6256OR-3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 12:54:04
Nº Rexistro: 59025
Data envío: 05/09/2023 12:54:04.309

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Incrementouse o persoal en dependencia? De ser así, cantos profesionais adicionais?
2. En que investiron ou investirán os recursos do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España?
3. Que medidas ou recursos van a investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia?
4. Cales son as listas de espera actuais por cada provincia e por cada servizo ou libranza, incluíndo as solicitudes sen gravar no sistema?
5. Existen datos ou estudos que vislumbren os motivos polos cales Galicia é a Comunidade Autónoma na que menos solicitantes das axudas á dependencia hai? Que medidas ou solucións ten a Consellería de Política Social para solucionar esta cuestión?

Santiago de Compostela, 5 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 05/09/2023 12:49:59

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2023 12:50:09

CSV REXISTRO-TUB6256OR-3
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG

